

SEMINARIO IV CICLO:



DOCENTE: César Domínguez
Campus de Santiago de Compostela

Universidade de Santiago de Compostela

DATAS: 21, 22, 28 e 29 de abril de 2026 de 10h a 12h.

Prezo da matrícula:

Alumnado do Diploma Senior IV Ciclo: **25 €**

Externos ao programa: **29.41 €** + 20,69 Seguro de accidentes (O seguro de accidentes abonarase unha vez por curso académico)

Prazo de matrícula: Desde o 9 de xaneiro ata o 6 de abril de 2026.

A matrícula realizarase chamando ao teléfono 881 814 588 ou ben a través da secretaría virtual na seguinte ligazón:

<https://sec-virtual.usc.es/Actividades/Matricula/SeleccionaActividade.asp?IdActividad=15091>

O mínimo de estudantes matriculados/as para poder impartirse este seminario será de 15

INTRODUCCIÓN

Este seminario propón unha viaxe interartística ao universo do realismo máxico, unha estética que combina o marabilloso e o extraordinario coa vida cotiá, ofrecendo así unha visión do mundo que desborda os límites da lóxica racional. O realismo máxico converteuse nunha das formas máis influentes e recoñecíbeis de expresión artística, deixando pegada tamén na pintura, no cine, na fotografía e na música.

Nun tempo marcado pola incerteza, o exceso de información e a banalización da experiencia, o realismo máxico mantén a súa vixencia como ferramenta simbólica e crítica, capaz de sacudir a percepción e abrir espazos para o pensamento e a emoción. O seminario abordará esta corrente desde unha mirada comparada e sensorial, prestando atención a como se manifesta en diferentes linguaxes artísticas e a como pode dialogar con espazos, tradicións e imaxinarios presentes en Santiago de Compostela.

As sesións combinarán análise de obras, debate colectivo e propostas de conexión co territorio, fomentando a participación activa das persoas asistentes.

OBXECTIVOS

Comprender a orixe, evolución e características do realismo máxico.

Explorar o seu impacto en distintas artes (literatura, cine, pintura, fotografía, música).

Descubrir como o marabilloso pode emerxer no cotián e na experiencia persoal.

Vincular os contidos con espazos e recursos culturais da cidade de Santiago.

CONTIDOS BÁSICOS SESIÓN TEÓRICA

Sesión 1 — As raíces do realismo máxico

Sesión 2 — A imaxe encantada: realismo máxico na pintura e na fotografía

Sesión 3 — Cine e música: narrativas do inverosímil

Sesión 4 — O marabilloso no noso cotián: creación e memoria

METODOLOXÍA:

Sesións participativas con apoio audiovisual.

Lectura comentada de fragmentos literarios, visionado de escenas de filmes, análise de obras visuais e musicais.

Propostas de diálogo co contorno urbano e cultural compostelán.

Posibilidade de pequenas creacións ou reflexións finais por parte do alumnado.

O seminario privilexará unha aprendizaxe situada, tanto no plano espacial como no humano e experiencial. Por unha banda, as sesións terán unha dimensión territorial, que convida a explorar o realismo máxico desde o contexto urbano e cultural de Santiago de Compostela. Procurarase que algunhas actividades se desenvolvan fóra da aula, mediante visitas breves ou itinerarios comentados a espazos significativos da cidade, como por exemplo:

o Museo do Pobo Galego, pola súa relación coa tradición oral, o marabilloso popular e o patrimonio simbólico;

o CGAC, como espazo de contacto coa arte contemporánea e os seus ecos máxicos ou visionarios;

a Fundación Eugenio Granell, centrada na figura do artista surrealista galego cunha obra profundamente vinculada ao onírico e ao imaxinario;

a Fundación Torrente Ballester, que acolle exposicións, actividades culturais e o legado do autor ferrolán, considerado un dos principais representantes do realismo máxico galego;

e outros lugares coma San Domingos de Bonaval, a praza da Quintana, o Parque de Bonaval, ou espazos menos visibles da Compostela lendaria e simbólica.

Por outra banda, promoverase unha aprendizaxe situada no encontro con persoas e saberes. Isto materializarase mediante o convite a escritoras, artistas ou especialistas noutras disciplinas para desenvolver pequenas intervencións, charlas ou exercicios in situ, favorecendo así unha experiencia plural e dialogada do coñecemento. Esta interacción directa permitirá abrir a aula a voces diversas, ampliando a mirada sobre o realismo máxico desde perspectivas literarias, visuais, musicais ou filosóficas.

En conxunto, o seminario fomentarase como espazo de aprendizaxe activa, crítica e sensorial, en conexión co entorno físico e cultural da cidade e coa comunidade artística local.

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

Carpentier, Alejo. 1976. «De lo real maravilloso americano». En *Tientos y diferencias y otros ensayos*, 83-99. Bos Aires: Calicanto.

→ Texto fundacional que distingue entre «realismo máximo» europeo e «real maravilloso» latinoamericano.

Charchalis, Wojciech. *El realismo mágico en la perspectiva europea: el caso de Gonzalo Torrente Ballester*. Nova York: Peter Lang, 2005.

→ Lectura da obra de Gonzalo Torrente Ballester en chave máximo-realista.

Esteban, José, ed. *Galicia y los escritores hispanoamericanos*. A Coruña: El viento, 2016.

→ Relacións de autores galegos como Ramón Cabanillas, Francisco Fernández del Riego, Wenceslao Fernández Florez ou Ramón María del Valle-Inclán con escritores hispanoamericanos.

García Sánchez, Franklin. 2009. *Territorios de fantasía: el realismo mágico y otras formas en narrativa, cine y pintura*. Pamplona: Eunsá.

→ Estudo do realismo máximo xunto a outras prácticas, como o barroco, o expresionismo, o fantástico e o surrealismo, que transcenden o realismo.

Menton, Seymour. 1998. *Historia verdadera del realismo mágico*. México: FCE.

→ Estudo clásico sobre o realismo máximo.

Reigosa, Carlos G. 2008. *A Galicia máxica de García Márquez*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

→ Un estudo das relacións de Gabriel García Márquez con Galiza.

Risco, Antón, ed. 1991. *Antoloxía da literatura fantástica en lingua galega*. Vigo: Galaxia.

→ Antoloxía clásica sobre o fantástico en galego.

Villanueva, Darío. 1996. *O realismo marabilloso en Álvaro Cunqueiro*. Santiago de Compostela: Fundación Alfredo Brañas.

→ Unha achega ao realismo máximo cunqueiriano.

Villanueva, Darío. 2005. «La referencia compostelana en la teoría de lo real maravilloso de Alejo Carpentier». En *Seminario Internacional Alejo Carpentier y España*, editado por José Antonio Baujín, Francisca Martínez e Yolanda Novo, 135-153. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

→ Unha lectura do relato de Carpentier «El Camino de Santiago» en conexión co realismo máximo.